

Táboa de observación

Factor

Contrafactor

Interdependencia positiva de finalidades

En xeral, os membros do equipo teñen claros, e ben presentes, os obxectivos do equipo: aprender e axudarse a aprender. Non están satisfeitos como equipo ata que non conseguen que todos os seus membros progresen na aprendizaxe, cadaquen segundo as súas posibilidades.

Algún membro do equipo non soamente non se esforza para que o seu equipo vaia ben (logre os seus obxectivos: aprender e axudarse a aprender, e así o equipo "triunfe"), senón que se esforza para que o seu equipo "fracase" (non fai nada, non quere axudar aos demais, non quere que lle axuden...).

Interdependencia positiva de roles

O equipo definiu e distribuíu os diferentes roles a exercer para poder funcionar. Ademais especificáronse con claridade cales son as funcións que se deben facer para desempeñar de forma correcta un rol determinado.

Máis aló de que se exerzan estes roles ou non con solvencia, hai alguén que desempeña un rol negativo que dificulta aínda máis o bo funcionamento do seu equipo.

Interdependencia positiva de tarefas

Os membros do equipo –no caso de que teñan que facer algo entre todos (un traballo escrito, unha presentación oral dun tema, un cartell, etc.)-, distribúense o traballo de forma que tod@s os membros teñen algunha responsabilidade na realización do traballo e unha tarefa tan relevante como sexa posible, segundo as súas capacidades, aptitudes ou habilidades.

Hai alguén no equipo que, aínda cando se distribuíron as tarefas, conscientemente fai mal (dunha forma máis ou menos frecuente) o seu traballo, ou non fai aquilo a que se comprometeu (é dicir, que non é responsable dentro o equipo neste aspecto).

Interacción simultánea

Os membros do equipo interactúan, falan antes de facer unha actividade, póñense de acordo sobre cal é o mellor xeito de facela; axúdanse entre eles anímanse mutuamente ...

Cunha maior ou menor frecuencia, hai alguén no equipo que é marxinado ou menosprezado polo resto dos seus compañeir@s, ou hai alguén que impón custe o que custe o seu punto de vista por encima dos demais, ou alguén que se limita a "copiar" o que fan os outros.

Dominio das habilidades sociais básicas

Os membros dun equipo dominan cada vez máis as habilidades sociais básicas no seu conxunto (respectar a quenda de palabra, pedir e dar axuda, coidar o ton de voz, animar aos seus compañeiros, argumentar o punto de vista propio, aceptar o punto de vista dos demais, poñerse no lugar do outr@

Algún membro do equipo mostra unha actitude e un comportamento totalmente contrario a estas habilidades sociais, de forma consciente e máis ou menos reiterada.

Autoavaliación como equipo

Os membros dun equipo son capaces de reflexionar sobre o seu propio funcionamento como equipo, para identificar aquilo que fan especialmente ben para potencialo, e aquilo que aínda non fan suficientemente ben, para evitalo ou compensalo.

Hai alguén que dunha forma consciente e máis ou menos reiterada négase a facer esta avaliación, e non aporta nada para que o seu equipo vaia mellorando. Unha cousa é que non fagan, ou non fagan bastante ben esta avaliación, e outra aínda peor é que haxa alguén que se negue tundamente a facela...